

4º ESO, BIOLOXÍA E XEOLOXÍA, TAREFA 6

TRABALLAMOS COMPETENCIAS

TEMA 2, TECTÓNICA E RELEVO

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Unha das cousas que máis lles gusta a Ana e Carme é ir de excursión polo campo. A pasada fin de semana fixeron unha longa camiñada pola Cordilleira Cantábrica, ao seu paso por Somiedo, en Asturias, durante a que puideron contemplar varios lagos preciosos e unhas estruturas rochosas pregadas que as deixaron abraiadas.

Aínda que é moi probable que xa visen noutras ocasións formas similares, como hai pouco que estudaron na clase os pregamentos e as fallas, esta vez recoñecéronas e foron conscientes de como se formaran. A nai de Carme díxolles que estaban camiñando por unha das estruturas xeolóxicas máis coñecidas da península ibérica, o complexo sinclinal dos lagos de Salencia.



- 1 Nun momento determinado van camiñando sobre unha superficie en que observan un ritmo de repetición dos materiais estratificados similar ao que podes apreciar no debuxo. Na guía len que se encontran sobre un sinclinal onde alternan os distintos estratos A, B, C e D que foron pregados. Cal será a orde cronolóxica, do máis antigo ao máis recente en que eses estratos se foron depositando?

- a. A, B, C e D.
- b. A, B, B, C, C, D e D.
- c. D, C, B e A.
- d. D, C, B, A, B, C e D.





Explica o teu razoamento.

- 2 Ana é incapaz de comprender como esas rochas tan sólidas puideron dobrarse e pregarse dese xeito. Pensa que, nalgún momento, esas rochas tiveron que estar nun estado físico parecido ao da plastilina. É certo o que pensa Ana sobre o estado físico das rochas que agora ve tan pregadas?
- a. Si, esas rochas estaban moi quentes e semisólidas cando se pregaron na codia profunda.
 - b. Si, porque se pregaron cando formaban parte do manto.
 - c. Non, cando se pregaron formaban parte do manto e eran tan rixidas coma agora.
 - d. Non, esas rochas estaban tan sólidas coma agora e formaban parte da codia cando se pregaron.
- 3 A Cordilleira Cantábrica formouse case ao mesmo tempo ca os Pireneos e o Himalaia polo choque da placa Africana coa Eurasilática. En que tipo de contacto entre placas se formou a Cordilleira Cantábrica?
- a. Converxente de colisión continental.
 - b. Converxente con subducción.
 - c. Diverxente con fallas transformantes.
 - d. Diverxente con formación dun rift.

- 4 Carme e Ana pensan que diferenciar un anticlinal dun sinclinal é moi fácil, porque o primeiro ten forma de A e o segundo de V, pero axiña se decatan de que non sempre é tan sinxelo. Que frases son verdadeiras e cales falsas cando falamos de anticlinais e sinclinais?

	V/F
Os anticlinais sempre dan lugar a montes e os sinclinais a vales.	
Nos anticlinais os materiais máis modernos están no núcleo do pregamento.	
Nos sinclinais os materiais máis antigos están no núcleo do pregamento.	
Nos sinclinais a charneira está situada no flanco inferior.	

- 5 Ana e Carme observaron detidamente dous debuxos que había na guía para entender os tipos de fallas e como se forman.




	A	B
Tipo de falla		
Tipo de esforzo		
Bordo de placa onde é máis frecuente		

Coa información que che dan os debuxos, completa a táboa.

- 6 Despois de estudar o ciclo das rochas, cada vez están máis convencidas de que non hai nada novo baixo o Sol e de que toda a materia na Terra, tanto a viva como a inerte, está sometida a un continuo ciclo. Concretamente, as rochas están nun continuo cambio que non apreciamos porque a vida do ser humano é demasiado breve xeoloxicamente falando. Nese ciclo interveñen tanto os axentes internos da Terra coma os externos. Identifica no esquema os seguintes elementos.

1.
2.
3.
4.
5.
6.



Explica brevemente este proceso.

.....

.....

.....